



CONCELLO DE SOBRADO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CURTIS E O CONCELLO DE SOBRADO EN MATERIA DE CONTABILIDADE

COMPARECEN

Por unha parte, Don Javier Francisco Caínzos Vázquez, con NIF 34.888.207-J, Alcalde-Presidente do Concello de Curtis, con CIF P1503200F;

Doutra parte, D. Luis Lisardo Santos Ares, con NIF 78799735-X, Alcalde-Presidente do Concello de Sobrado, con CIF P1508100C;

Actuando ambos en representación dos seus respectivos concellos, en uso das atribucións que lles confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E recoñecéndose ambas partes capacidade legal suficiente para outorgar o presente Convenio

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Os Municipios teñen a consideración de entidades locais, con personalidade e capacidade xurídica plena para o exercicio das súas competencias de acordo co artigo 11 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

SEGUNDO.- Que ambas entidades locais están amparadas para a sinatura de convenios interadministrativos de colaboración para a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, para o exercicio de competencias propias ou delegadas, coa finalidade de mellorar a eficiencia da xestión pública e facilitar o uso conxunto de medios e servizos públicos, en virtude do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

TERCEIRO.- Que en aplicación do disposto no artigo 209 de Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, un funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, a condición de que conste a conformidade do mesmo, que manterá en todo caso a súa relación funcional coa entidade local á que pertenza.

CUARTO.- O Concello de Curtis conta na súa RPT cun posto de traballo, persoal funcionario, de oficial/auxiliar-administrativo de intervención, que na data actual está de vacacións ata o día 23/11/2020, o que repercute directamente no desenvolvemento da actividade económica e contable do concello.

QUINTO.- Que o Concello de Sobrado dispón entre os seus medios persoais, un funcionario interino, administrativo de intervención, que poden dar cobertura as necesidades deste Concello na materia que nos ocupa.

CLAUSULAS

PRIMEIRO.- Obxecto do Convenio.

O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre ambos Concellos para que a persoa designada polo Concello de Sobrado poida desenvolver as súas funcións no departamento de contabilidade do Concello de Curtis, de xeito temporal e entre tanto a titular do posto de oficial/auxiliar-administrativa do departamento de intervención do Concello de Curtis, estea de vacacións.

SEGUNDO.- Funcións do traballador.

O traballador do Concello de Sobrado desenvolverá as súas funcións de contabilidade, en horario de tarde nas dependencias administrativas do Concello de Curtis, na Casa Consistorial de Teixeira, baixo a dependencia do Concelleiro/a Delegado/a de Facenda e, en última instancia, do Sr. Alcalde-Presidente.

TERCEIRO.- Obrigas das partes.

E o Concello de Curtis comprométese a poñer a disposición deste traballador os medios persoais e materiais para a realización das súas funcións, a retribuílo polos servizos

prestados, para o que o transferirá mensualmente ao Concello de Sobrado as retribucións que o posto ten asignadas, en función das horas traballadas.

O Concello de Sobrado abonará a cantidade mensual resultante recibida na nómina do traballador ó final de cada mes.

CUARTO.- Réxime xurídico. O Convenio ten natureza administrativa e se suxeita ás disposicións xerais do réxime xurídico das administracións públicas, a normativa aplicable ao persoal da administración local e a normativa de réxime local

QUINTO.- Incumprimento das obrigas polas partes

No caso de incumprimento das obrigas adquiridas por cada unha das partes asinantes o Convenio de colaboración quedará extinto dende a data na que se deixe constancia escrita do dito incumprimento.

SEXTO.- Modificación do convenio.

Calquera das partes asinantes poderá promover a modificación deste Convenio de colaboración. O procedemento para a súa modificación requirirá dos mesmos trámites que os da súa aprobación inicial sendo preciso, en todo caso, a conformidade de ambas as partes asinantes.

SÉTIMO. Vixencia

Este convenio de colaboración terá vixencia ata o día 20 de novembro de 2020, data na que se prevé a incorporación da traballadora titular do posto que nos ocupa.

O alcalde do Concello de Curtis

O alcalde do Concello de Sobrado

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Luis Lisardo Santos Ares